



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** SESIÓN 2021/5 Ordinaria DO PLENO, **xoves 3 de xuño de 2021** **EXPEDIENTE:** 2021/  
G010/000005

**ACTA Nº 2021/5 SESIÓN Ordinaria DO PLENO - , xoves 3 de xuño de 2021 -**

No día de hoxe, ás 13:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno.

**Membros que asisten:**

**Alcalde-Presidente:**

José Antonio Santiso Miramontes

**Concelleiros:**

Laura C. Calvo Quintela  
Alberto Seoane Brandariz  
Gustavo Manuel Quindimil Gómez  
Francisca Bestilleiro Roel  
Marcos Zapata Díaz  
José María Caamaño Nogueira  
Luís Constante Freire Pérez de Juan  
Silvia Taboada Carro

Fátima Insua López  
Roberto Gómez Lesta  
María Ángeles Vilas Pedreira  
Francisco Javier Rodríguez Souto

**Escusan a súa ausencia:**

**Secretario**

Adrián J. Márquez Caramés

**Interventora**

Gema Vázquez López

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

O pleno realizarase de forma telemática por medios electrónicos, como medida de seguridade ante a crise derivada polo coronavirus COVID-19 e á vista da ORDE do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro (DOG núm. 86-bis, do 7 de maio de 2021), que indica no punto 3.14: "A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacional poderanse levar a cabo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.”

Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DO PROXECTO E DA SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PROVINCIAL DP-0105 ENTRE BARRAL DE ARRIBA (COS) E O FONTAO (MEANGOS)
3. APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DO TEXTO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LÍMITROFES
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO 2021 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO EXERCICIO 2021
6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/10. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021
7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE MC 5/2021. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO RLTGX
8. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19
9. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN MODIFICACIÓN ACORDO POS 2021

**PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

10. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 1º TRIMESTRE 2021 E DO PMP
11. DECRETOS DA ALCALDÍA
12. ROGOS E PREGUNTAS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**De acordo cos requirimentos establecidos no artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, substitúese a transcripción na acta das opinións dos membros asistentes ao pleno polo rexistro en soporte apto para a gravación e reprodución do son.**

Esta acta foi gravada con audio e video. Consta no expediente do Tedec 2021/G010/000005.

**A pegada dixital é : 1789C6866B564501A2D12E70A1B89B433BF5140CA4181D7C184FB0994587DC8Bh**

**Pódese ver no seguinte enlace: <https://youtu.be/1qqFloYtJTo>**

## **PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 15.04.2021 que estaba pendente de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación da acta todos os membros presentes.

### **2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DO PROXECTO E DA SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PROVINCIAL DP-0105 ENTRE BARRAL DE ARRIBA (COS) E O FONTAO (MEANGOS)**

**ASUNTO:** APROBACIÓN PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PROVINCIAL DP-0105 ENTRE BARRAL DE ARRIBA (COS) E O FONTAO (MEANGOS) E SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

**EXPEDIENTE:** 2021/A007/000001 -2021/G006/000105

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.** O Concello de Abegondo considera necesaria a execución dun proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP-0105 que transcorre entre O Barral de Arriba (Cos) e O Fontao (Meangos). Considérase unha obra de interese público pola grande repercusión que suporá na seguridade viaria e polo elevado tránsito de peóns e peregrinos por esta vía.

**SEGUNDO.** Dada a excepcionalidade deste proxecto, considérase que é de urxencia realizar esta obra o máis axiña posible co fin de garantir a seguridade dos peóns que transitan pola vía e e facer do Camiño Inglés a Santiago unha senda segura para os peregrinos. Posto que se trata de razóns de interese público é polo que se estima oportuno solicitar unha subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña.

**TERCEIRO.** Foi elaborado o proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP-0105 que transcorre entre O Barral de Arriba (Cos) e O Fontao (Meangos), cun orzamento total de 100.533,14 euros.

**CUARTO.** Consta no expediente o informe técnico. Segundo este informe técnico son necesarias as seguintes autorizacións sectoriais: autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por estar as obras no contorno de protección do xacemento GA15001007 castro de Cos e no territorio



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

histórico do camiño de Santiago, da Deputación da Coruña por estar a obra na zona de afección da estrada DP-0105 e de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade por estar parte da obra na zona de policía de augas dun regato na zona de O Fontao.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- A Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** Foi elaborada a seguinte documentación necesaria previa para presentar a solicitude de subvención:

- o documento da concreción do obxecto da solicitude con indicación do importe da achega provincial que se solicita a a memoria valorada e detallada, incluída no proxecto redactado
- a memoria da Alcaldía do investimento financeiramente sostible
- o informe da Intervención municipal do investimento financeiramente sostible
- o documento de acreditación do compromiso de que o Concello de Abegondo consignará financiamento suficiente para soportar a parte do orzamento do proxecto non subvencionado pola Deputación.

**SEGUNDA.** O proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP-0105 que transcorre entre O Barral de Arriba (Cos) e O Fontao (Meangos) e a súa solicitude á Deputación Provincial da Coruña considérase xustificado polas razóns de interese público.

**TERCEIRA.** No Orzamento municipal para o ano 2021 do Concello de Abegondo aprobado inicialmente polo Pleno na sesión realizada o día 15/04/2021, consta consignado o importe de 30.533,14 euros como parte da achega municipal para o proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP-0105 entre Barral de Arriba (Cos) ao Fontao (Meangos).

**CUARTA.** O artigo 147.2 da lei 2/2016 do solo de Galicia indica que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**QUINTA.** Segundo o artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**SEXTA.** A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. De acordo coa delegación de Pleno, a competencia é da Xunta de goberno local (a aprobación dos



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos). Delegación de pleno de data 10.07.2015 e publicada no BOP nº 136 de 21.07.2015.

**Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación por parte do Pleno desta entidade, PROPOÑO a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o "Proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP-0105 que transcorre entre O Barral de Arriba (Cos) e O Fontao (Meangos)", cun orzamento total de 100.533,14 euros.

**SEGUNDO.** Solicitalle á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa por importe de 70.000 euros para acometer o proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada DP-0105 entre O Barral de Arriba (Cos) e o Fontao (Meangos), o que supón un 69,63 % de financiamento por parte da Deputación Provincial da Coruña e un 30,37 % de financiamento por parte do Concello de Abegondo (30.533,14 euros).

**TERCEIRO.** Aprobar as razóns de interese público para o que se solicita a subvención.

**CUARTO.** Remitir á Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria e dar traslado do presente acordo aos interesados para os efectos oportunos.

O que propoño aos efectos oportunos

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 13** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

**Abstencións: 0**

**Votos en contra: 0**

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar por unanimidade a proposta por maioría.

### 3 APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO

**ASUNTO:** APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PMPDIF) DO CONCELLO DE ABEGONDO

**EXPEDIENTE:** 2020/X999/000320 - 2020/G006/000231 - 2021/G006/000107

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia publicou no *Diario Oficial de Galicia* núm. 156 do venres 17 de agosto a Orde do 9 de agosto de 2018 pola que publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

**SEGUNDO.** A dita orde establece que “calquera concello galego poderá, mediante a súa adhesión voluntaria ao presente convenio, acceder ao sistema público de xestión que se establece mediante o presente convenio e á colaboración técnica e económica prevista no seu marco, de acordo cos criterios de prioridade que se determinan a continuación por razóns das dispoñibilidades orzamentarias, atendendo a un maior risco de incendios forestais e por tanto de maior perigo para as persoas e os bens que voluntariamente se adhiran.”

**TERCEIRO.** Por Resolución de Alcaldía núm 427/2018 de 13.09.2018 o Concello de Abegondo solicitou a súa adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

**QUINTO.** O 20 de maio de 2019 o Concello recibiu a notificación da Consellería de Medio Rural informando que a través da Resolución de 08 de maio de 2019 a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Abegondo.

**SEXTO.** SEAGA puxo o 11 de setembro de 2020 a disposición do Concello o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais (PMPDIF) en formato dixital no seguinte enlace para a súa descarga: <http://descargas-xuntarquivos.xunta.es/bd7c684f-81c9-4914-b94a-425140edf7231599819821474>

**SÉTIMO.** O Pleno do Concello de Abegondo, na sesión realizada o 29.01.2021 aprobou inicialmente o Plan de Prevención de Incendios Forestais.

**OITAVO.** En cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, someteuse o expediente a información pública polo prazo de 20 días, que contaron desde o día seguinte da inserción do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña (BOP núm. 28 do 11/02/2021) e no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo.

O devandito borrador do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Abegondo estivo dispoñible para a súa consulta en formato papel no departamento de Urbanismo do Concello e en formato electrónico na sede electrónica municipal.

**Durante o prazo de exposición ao público non se presentaron alegacións ao expediente. Consta no expediente a certificación relativa á non existencia de alegacións ao respecto.**

**NOVENO. A Dirección Xeral de Defensa do Monte remitiu o informe preceptivo e vinculante favorable.**

A Dirección Xeral da Defensa do Monte remitiu o documento con núm. rex. 202199900000473, recibido o 09/04/2021, no que informa favorablemente o Plan e fai constar o seguinte:

“O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

Esta Dirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Abegondo, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril. a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Abegondo, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril.”



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- A Orde do 9 de agosto de 2018 pola que publica o Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (DOG NÚM. 156 do 17 de agosto de 2018).

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.** A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, entre outras cuestións, define a rede de faixas secundarias de xestión de biomasa como o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente ubicadas onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal mediante as técnicas silvícolas idóneas con obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

*Na mesma Lei estruturase a defensa contra os incendios forestais nos Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais a nivel autonómico, de distrito e municipal e establécese que o concello é o competente para elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios, ordenar a execución das obras necesarias para manter a biomasa vexetal en condicións axeitadas que eviten incendios e as execucións subsidiarias de faixas de xestión de biomasa.*

**SEGUNDA.**-O plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais integrarase nos plans municipais de emerxencias, con arranxo ao establecido na lexislación galega de emerxencias.

A estrutura dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluírá a rede de pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como o análise de propiedade destas redes faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención concordantes co obxecto da presente lei en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

A dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

O ámbito do plan poderá ser todo o concello ou ir desenvolvéndose por zonas.

**TERCEIRA.**-O artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia regula o planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

*O artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, do 02.10.2016), regula o trámite de audiencia*

**CUARTA.**-A coordinación e a xestión do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compete aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste plan ten carácter obrigatorio.

**QUINTA.**-Con data de 14 de decembro de 2020, en cumprimento do establecido no artigo 172.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

*Xurídico das Entidades Locais, a Técnica de Medio Ambiente do Concello, emitiu ao respecto o informe que se transcribe a continuación (e que serve de motivación de este acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), para atender ao primeiro paso establecido no devandito manual básico do procedemento (validación das faixas secundarias establecidas no devandito borrador do plan):*

#### “INFORMO

Que a Alcaldía do Concello de Abegondo acordou, con data do 13 de setembro de 2018, solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Sendo ésta aceptada a través da Resolución do 8 de maio de 2019 pola Consellería de Medio Rural.

A lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición derradeira primeira modifica a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establecendo no artigo 20. Redes de faixas de xestión de biomasa, apartado 4. que estas redes secundarias teñen un ámbito municipal e **posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais**, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

Sendo competencia dos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais no seu territorio.

O Concello de Abegondo ao adherirse ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, tivo a colaboración SEAGA para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo.

Este plan ten como obxectivo, en cumprimento do establecido na lei 7/2012 de montes de Galicia e na lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia referido ás redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, coa finalidade de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Este plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Abegondo cumpre coa estrutura e as directrices que marca a lexislación aplicable e vixente na actualidade.

Tívoise en conta para a súa elaboración o instrumento de ordenación provisional do Concello de Abegondo, aprobado definitivamente por acordo do pleno de data 28.03.2019, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da Lei 2/2017 de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (BOP núm 66, do venres 5 de abril de 2019 )

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Abegondo a aprobación inicial do borrador do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Abegondo e a súa posterior información pública por un período de 20 días hábiles.

Transcorrido o período de información pública enviarase á Dirección Xeral de Defensa do Monte a solicitude para o seu informe en base ás alegacións presentadas, se has houbese, e o borrador do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Abegondo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

E para que así conste para os efectos oportunos asino a presente dixitalmente na data que figura na marxe.”

**SEXTA. De acordo co informe da Dirección Xeral de Defensa do Monte:**

O documento con Nº rex. 202199900000473, recibido o 09/04/2021, remitido pola Dirección Xeral da Defensa do Monte, informa favorablemente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. No documento infórmase que "O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

Esta Dirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Abegondo, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril. a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Abegondo, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril.”

Dentro das consideración recollidas no informe, polo que respecta ao procedemento de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que a dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

Coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema, tal e como contempla o devandito convenio, desenvolveuse un visor en que se mostra e se mantén actualizada a rede secundaria de faixas de xestión da biomasa dos concellos adheridos. Ademais, tal e como establece a cláusula quinta bis do devandito convenio, desenvolveuse unha plataforma integral para a xestión da biomasa, cuxo obxectivo é dar soporte informático as actuacións dos distintos actores que interveñen no convenio e que permita unha rastrexabilidade de todas as actuacións realizadas polos concellos, por Seaga, pola Administración autonómica e polos cidadáns con parcelas nas devanditas faixas. En concreto, en outros, comprende a xestión dos seguintes aspectos:

- Xestión das parcelas incluídas nas faixas e da titularidade destas.
- Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas, e as actuacións concretas asociadas.
- Xestión da comunicación cos titulares.
- Xestión da relación dos titulares coas devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual
- Xestión de inspeccións nas devanditas faixas.

Logo de revisar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo comprobouse o seguinte:

- O Plan define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable. O Plan inclúe os planos que reflicten as devanditas redes así como unha relación de parcelas afectadas, coa referencia catastral, a superficie total en m<sup>2</sup>, a superficie afectada en m<sup>2</sup> e a porcentaxe de superficie afectada. O visor e a plataforma postas a disposición dos concellos adheridos permite unha análise de detalle da propiedade destas parcelas, segundo o establecido na Instrución 1/2018, do 26 de abril, xa que manexa a información catastral dispoñible. Polo tanto, considérase que é suficiente a identificación das parcelas incluídas na rede de faixas secundarias.
- No artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

ou ilo desenvolvendo por zonas, polo que no futuro, o plan deberá ampliarse e actualizarse para, de acordo co establecido no artigo 16.2, incluír:

- A definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinerías e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
- A rede de pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal.
- Os montes de titularidade municipal.

Para a ampliación e actualización do Plan, o Concello de Abegondo poderá contar co colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma, en virtude do convenio enriba mencionado.

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar DEFINITIVAMENTE o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Abegondo

**SEGUNDO.** Remitir este acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

**CUARTO.** Publíquese o anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios e portal de transparencia municipal, en publicidade activa da información municipal, de conformidade coa lexislación estatal e autonómica.

O que propoño para os efectos oportunos.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p><b>Votos a favor: 13</b> (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)</p> <p><b>Abstencións: 0</b></p> <p><b>Votos en contra: 0</b></p>
---

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar por unanimidade a proposta por maioría.

**4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DO TEXTO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LÍMITROFES**

**ASUNTO:** APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DO TEXTO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LÍMITROFES

**EXPEDIENTE:** 2020/G006/000196 e 2021/G006/000109

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Os municipios de Abegondo e Oza Cesuras, da provincia da Coruña, como entidades locais territoriais limítrofes, están interesadas en desenvolver as actuacións de cooperación e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais.

**SEGUNDO.** Entre os servizos públicos que, conforme a normativa vixente en materia de réxime local, os municipios deben prestar obrigatoriamente destaca, polo seu carácter básico e necesario, o de abastecemento domiciliario de auga potable, cuxo establecemento e prestación con carácter xeneralizado e satisfactorio constitúe unha aspiración irrenunciable de ambos os concellos.

**TERCEIRO.** A vontade dos Concellos de Abegondo e Oza Cesuras establecer fórmulas de colaboración que permitan solucionar estas dificultades e ampliar o servizo de subministración de **auga a determinadas vivendas situadas en zonas limítrofes de ambos os concellos**, o que non sería factible se cada Concello actuase de xeito individual e dende as súas propias instalacións.

**CUARTO.** Proporcionar a correspondente cobertura legal para que ambos concellos poidan dar o servizo de abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións das zonas limítrofes entre os mesmos dende as súas respectivas instalacións de auga, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

**QUINTO.** En data 19.11.2020 o concello pleno aprobou o **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LÍMITROFES.**

**SEXTO.** Ante a petición do Concello de Oza Cesuras de reciprocidade, procédese a unha nova redacción do texto do convenio proposto para poder dar cumprimento ao solicitado.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urgentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRO. Cooperación entre administracións.**

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, aos efectos de manter una recíproca e constante información.

No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

**SEGUNDO. Carácter non contractual da actuación e cumprimento da lexislación básica de Réxime Xurídico do Sector Público.**

A presente actuación administrativa queda enmarcada na figura dos Convenios regulada no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a través dos seus artigos 47 e seguintes, así como no establecido no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, quedarán fóra do establecido no ámbito de devandita lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

- As entidades intervincentes non deben ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. Para o cálculo de devandita porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constituía o obxecto do convenio nos tres exercicios anteriores á adjudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto dos tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade correspóndese coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.
- Que o convenio estableza ou desenvolva una cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- Que o desenvolvemento da cooperación guíese unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

A continuación, segundo o apartado 2 do artigo 6 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da Lei de Contratos os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados en devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**TERCEIRA. Necesidade e oportunidade do Convenio (artigo 50.a de a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público):**

Constitúe obxecto do presente convenio establecer os termos e condicións xerais que regularán a colaboración entre os Concellos Proporcionar a correspondente cobertura legal para que Abegondo poida dar o servizo de abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións dos lindes con Oza Cesuras dende as instalacións de auga deste concello, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

O convenio ten carácter carácter interadministrativo e subscríbese ao amparo do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por concorrer as seguintes condicións:

- As entidades intervinientes non teñen vocación de mercado.
- O convenio establece ou desenvolve unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- O desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nos termos previstos no referido artigo 6, o presente convenio queda excluído do ámbito da Lei 9/2017, rexéndose polo previsto no seu clausulado e subsidiariamente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, toda vez, que por unha banda se rexe pola lexislación contractual pero no tocante ao réxime de cesión dos bens e á relación entre as partes asinantes é un convenio puramente interadministrativo da Lei 40/2015.

**CUARTA. Xustificación da exclusión do ámbito de aplicación do dereito da contratación pública.**

De acordo coa xurisprudencia do TXUE, os convenios asinados entre dúas entidades públicas, que sexan “a culminación dunha acción de cooperación intermunicipal”, destinado á realización conxunta dunha función común e prioritaria de servizo público, como o , quedan excluídos do ámbito de aplicación do dereito da contratación pública, cando se dean as seguintes circunstancias:

- Que o convenio sexa asinado exclusivamente por poderes adjudicadores, sen a participación dunha empresa privada.
- Que non se favoreza a ningún operador económico privado respecto dos seus competidores.
- Que a cooperación que establezan só se rexa por consideracións e esixencias características da persecución de obxectivos de interese público.

O artigo 12.4 da Directiva 24/2014 do 26 de febreiro, sobre contratación pública, ademais de acoller os criterios doutrinarios fixados polo Tribunal dispón que “os poderes adjudicadores participantes realicen no mercado aberto menos do 20 % das actividades obxecto da cooperación”. Ademais, o artigo 38 da Directiva 2014/24/UE establece que “dous ou máis poderes adjudicadores poderán acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas”.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, dispón que as entidades pertencentes ao sector público, que teñan a condición de poder adjudicador, poderán cooperar entre si mediante sistemas de cooperación horizontal, previa sinatura dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establece o apartado 1 do artigo 6 (art. 31.1, letra b):

- As entidades intervinientes non han de ter vocación de mercado, o cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

(...)

b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.

c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público”.

Con relación ao concreto convenio de cooperación que se suscita neste caso, cabe indicar, en primeiro lugar, que o convenio se asina entre o Concello de Abegondo e o Concello de Oza-Cesuras. En segundo termo, non se da trato de favor a ningún prestador privado, xa que a xestión do **convenio** vai ser obxecto de licitación de acordo coas esixencias da LCSP. En terceiro termo, a cooperación só se rexe “por consideracións e esixencias características da persecución de obxectivos de interese público”. Así, a cooperación entre ambas as entidades ten como finalidade exclusiva garantir a realización dunha misión de servizo público común a estas, neste caso, sería . Non ten carácter oneroso, senón que está dirixida exclusivamente á persecución de obxectivos comúns de interese público, como a protección do medio ambiente e da saúde pública. En cuarto lugar, e como consecuencia do anterior, as entidades que son parte do convenio cumpren claramente a esixencia de realizar no mercado aberto menos do 20% das actividades obxecto da cooperación.

Ademais, a LCSP establece que as entidades pertencentes ao sector público poderán, en todo caso, acordar mediante convenio a realización conxunta de contratacións específicas (art. 31.2 LCSP).

Dado que a contratación conxunta permite aproveitar economías de escala, sendo iso compatible cos principios da contratación do sector público recollidos no artigo 1 da LCSP, e en particular cos “principios de eficiencia e de cooperación aplicables á xestión contractual das entidades locais, considerando a opción de compra conxunta non só legal, senón recomendable e conveniente axustándose aos parámetros da boa administración” (Informe 5/2014, do 3 de marzo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa).

#### **QUINTO. Competencia e finalidade pública das Administracións.**

Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o **concello de Abegondo e o concello de Oza-Cesuras**, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

Queda fundamentada a competencia do Concello, en exercer en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias” Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e se poida dar o servizo de abastecemento de auga a inmobles situados **nas inmediacións das zonas limítrofes entre o concello de Abegondo e o Concello de Oza-Cesuras dende as instalacións de auga de ambos os dous concellos**, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

Sexa como fora, de acordo co artigo 3.3.a) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local trátase non só de colaborar, senón de racionalizar actuacións establecendo un mecanismo que permita satisfacer as necesidades do servizo de auga de determinados veciños ou habitantes de **Abegondo e Oza-Cesuras que viven nas zonas limítrofes con Oza Cesuras e Abegondo**, e evite levar a cabo, por esixencias da propia morfoloxía dos terreos, polo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

carácter illado das vivendas ou a distancia existente ás instalacións propias, grandes investimentos de nula ou escasa rendibilidade económica.

#### SÉTIMA. Publicidade activa.

Durante todo o proceso de aprobación do Convenio, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia. Non obstante, neste procedemento, poderase prescindir do trámite de audiencia porque non figuran no procedemento nin existen intereses de terceiros.

#### OITAVA. Análise xurídica do convenio.

En canto á análise xurídica do texto do convenio, máis aló do xa analizado e que esta secretaría entende axustado a dereito, cabe indicar que cumpre co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015 en canto ao contido dos convenios:

**a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.** Consta no documento os suxeitos que subscriben o mesmo e queda acreditada a súa capacidade xurídica, sempre que o órgano correspondente adopte o acordo que se propón.

**b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.** Consta no documento a competencia e foi analizado no punto sexto deste informe.

**c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento.**

#### Son obxecto do convenio

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar cobertura o abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións **das zonas limítrofes entre Abegondo e Oza-Cesuras** dende as instalacións de auga de **ambos concellos**, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

- Son actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento as seguintes:

**PRIMEIRA.** O Concello de Oza Cesuras e Abegondo poñer as súas instalacións de abastecemento de auga situadas na zona limítrofe entre ambos os municipios a disposición de ambos os dous, para que **ambos concellos poidan**, se é o caso, prestar o dito servizo de subministración de auga a inmobles situados na dita zona limítrofe **dos seus territorios** a través da rede de distribución de cada un dos concellos de acordo coas condicións que de seguido se establecen:

**Os concellos que solicitan a colaboración deberán dirixir ao outro unha petición**, formalizada en escrito asinado polo seu alcalde, concelleiro delegado ou quen os substitúa, na que, con base neste convenio, se solicite a correspondente autorización para levar a cabo as correspondentes obras de entronque coa rede de abastecemento de auga. Co dito escrito deberá achegarse:

Proxecto técnico ou memoria onde se identifiquen os inmobles aos que se pretende levar a cabo a subministración de auga e consten as características técnicas das obras e instalacións que se preveu realizar, prazo máximo de execución que, agás casos excepcionais e debidamente xustificadas no propio documento, non poderá exceder dun mes- e o seu orzamento total



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Compromiso expreso por parte do concello peticionario de responsabilizarse de todos os danos e prexuízos que, con ocasión ou motivo da obra, poidan ocasionarse ao concello colaborador, persoas ou cousas.

Unha vez recibido o anterior escrito, o concello colaborador deberá notificar o seu acordo ao concello peticionario no prazo máximo dun mes, que contará dende a data de inscrición do dito escrito no seu rexistro de entrada de documentos. Agás casos excepcionais debidamente motivados, a petición deberá ser autorizada cando concorran as seguintes circunstancias:

- Que o concello colaborador teña instalacións de subministración de auga próximas á zona en cuestión.
- Que a auga poida levarse por gravidade.
- Que o inmovible ou inmovibles que se solicita servir se atopen preto do linde entre ambos os municipios, de xeito que esta solución sexa viable e conveniente.
- Que as obras e instalacións previstas sexan compatibles ou non prexudiquen a subministración de auga do concello colaborador.

Todos os gastos e tributos derivados ou ocasionados polas ditas obras de entronque e, se é o caso, demais accesorias, serán aboados polo concello peticionario.

**SEGUNDA.** O concello **colaborador** instalará un contador e unha arqueta de entronque, que medirá a cantidade de auga potable que recibe o concello peticionario. Cada metro cúbico de auga que pase polo dito contador cobrarase coa tarifa mínima que estipule a ordenanza fiscal para o efecto do concello **colaborador**. Este remitirá trimestralmente o correspondente recibo á conta bancaria que o concello **peticionario** para efecto.

**TERCEIRA.** O concello **peticionario** deberá levar a cabo pola súa conta e cargo tan pronto sexa requirido polo concello colaborador, e en calquera caso no prazo máximo dun mes que contará dende a recepción da correspondente comunicación, todas as reparacións e actuacións que sexan precisas para manter as obras e instalacións de entronque e accesorias efectuadas en perfecto estado de conservación, funcionamento e servizo e para evitar calquera prexuízo á rede de traída de auga do concello colaborador.

**CUARTA.** Os concellos de Oza-Cesuras e Abegondo comprométense a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.

**d) Obrigas e compromisos económicos asumidos .**

En virtude do Convenio os asinantes non adquiren compromisos económicos, ver o Convenio.

**e) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.** Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios. O mecanismo de seguimento proposto é unha Comisión de seguimento integrada por todas as Administracións partícipes no presente convenio. Esta secretaría considera axeitado este mecanismo.

A Comisión rexerese por o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público **sobre os órganos colexiados.**

**f) O réxime de modificación do convenio.** A falla de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes, todo elo de acordo co expresado no punto sexto do convenio sobre a comisión de seguimento e xa analizado.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**g) Prazo de vixencia do convenio.** Consta no punto quinto do convenio que entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente durante un prazo de cinco anos, prorrogable automaticamente por períodos dun ano, agás que por parte do petionario se faga un mal uso da auga, isto é, calquera outro que non sexa o uso doméstico para os inmobles referidos.

**NOVENA. Impacto económico e non adscripción de persoal (art. 50.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público):**

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar cobertura o abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións **das zonas limítrofes entre Oza-Cesuras e Abegondo dende as instalacións de ambos concellos**, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

**DÉCIMA.** O procedemento a seguir é o seguinte:

**A.** Elaborado o texto inicial do convenio, emitirase informe de Intervención en relación cos aspectos económicos que leva a subscripción do mesmo; en concreto, o Interventor valorará, especialmente, que devandito convenio, en termos de eficiencia económica, permite una asignación máis eficiente dos recursos económicos. Neste procedemento se considera necesario un informe técnico económico que xustifique a idoneidade do mesmo.

**B.** Una vez negociado e subscrito o texto inicial do Convenio o mesmo será aprobado por Pleno. O acordo mediante o que se aprobe será publicado, de acordo co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que deben presentarse e o prazo para interpoles, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente. [ Esta tramitación deberá se levada a cabo pola Xunta de Galicia sen prexuízo das actuacións de publicidade activa a levar a cabo polo Concello ]

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a formalización da novación do Convenio de Colaboración Interadministrativo entre os Concellos de Abegondo e de Oza Cesuras para a prestación do servizo de Abastecemento de Auga Potable en Zonas Limítrofes entre o Concello de Abegondo e Oza Cesuras. Deixando sen efecto o convenio anterior aprobado polo Concello de Abegondo o 19.11.2020.

**SEGUNDO.** Comuníquese certificación do presente Acordo o Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos.

**TERCEIRO.** Facultar ao alcalde para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente Acordo, así como a formalización do Convenio, en representación legal do Concello (art. 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

**CUARTO.** Publíquese Anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Anuncios e portal de transparencia Municipal, en publicidade activa da información municipal, de conformidade coa lexislación estatal e autonómica.

O que propono aos efectos oportunos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 13** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto )

**Abstencións: 0**

**Votos en contra: 0**

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría.

## 5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO 2021 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO EXERCICIO 2021

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO 2021. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO EXERCICIO 2021**  
**EXPTE: 2021/G006/000113**

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o pasado 15 de abril de 2021, acordou a aprobación inicial do orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello de Abegondo para o exercicio 2021.

**SEGUNDO.** O acordo de aprobación inicial publicouse no BOP número 74 do día 22 de abril de 2021.

**TERCEIRO.** No período de exposición ao público presentouse no Rexistro Xeral do Concello de Abegondo escrito de alegacións contra a citada aprobación inicial do Orzamento Municipal 2021 por parte da Unión Sindical Obreira (USO) representado por Dña. Lourdes Pedrezuela Bea con DNI 50.703.814-S (núm. Rexistro 202190000000518 de data 10 de maio de 2021).

**CUARTO.** A interventora municipal emitiu con data 18 de maio de 2021 un informe ao respecto das alegacións presentadas.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que ese aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos
- A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** O artigo 169 do TRLRFL establece: *“aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por quince días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

*reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas“.*

Pola súa banda o artigo 170.1 do propio TRLRFL considera interesados a estes efectos:

*“Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*

- Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.”*

Finalmente, o artigo 170.2 do TRLRFL considera como causas taxadas de impugnación:

*Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.*

- Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
- Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.*

Cómpre salientar que a aprobación inicial do orzamento é un acto de trámite no procedemento de aprobación dunha disposición de carácter xeral, e polo tanto non caben máis reclamacións que as previstas expresamente no artigo 170 do TRLRFL. No caso de que as reclamacións presentadas non versen sobre algunha das causas taxadas debe acordarse a inadmisión mediante acordo do Pleno, sen prexuízo do dereito á presentación do recurso contencioso-administrativo regulado no artigo 171 do propio TRLRFL.

**SEGUNDA.** A estimación das reclamacións require ter a condición de interesado, a presentación en prazo desta, a fundamentación nalgúns dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL e a acreditación dos mesmos.

O escrito de referencia inclúe dúas reclamacións, polo que procede a análise conxunta da condición de interesado e o cumprimento do prazo de presentación, analizándose con carácter específico cada unha das alegacións expostas.

**Condición de interesado:** A reclamación de referencia é presentada pola Unión Sindical Obreira (USO) con CIF V83365445, representado por Dña. Lourdes Pedrezuela Bea con DNI 50.703.814-S.

O artigo 170.1 do TRLRFL outorga a condición de interesado, entre outros, aos colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas.

Cabe deducir a condición de interesado do solicitante, tendo en conta que se trata da Unión Sindical Obreira (USO) con CIF V83365445.

**Prazo de presentación:** Segundo consta nos antecedentes o anuncio de exposición pública foi publicado no BOP número 74 do día 22 de abril de 2021, polo que o prazo para a presentación de reclamacións finaliza o 13 de maio de 2021. Tendo en conta que a reclamación tivo entrada no rexistro municipal o día 10 de maio, cabe concluir que foi presentada en prazo.

**TERCEIRA.** Cumprindo a reclamación de referencia o requisito de prazo e considerando a condición de interesado do solicitante, analízanse con carácter específico a fundamentación nalgúns dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL e a acreditación destes.

A reclamación contida no punto número 2 fai referencia á necesidade de cubrir as prazas vacantes do anexo de persoal, a funcionarización dalgunha praza ocupada por persoal laboral e a consolidación dos empregados públicos temporais, sen entrar a analizar o fondo do asunto Todos os postos contidos na RPT están debidamente consignados no orzamento. As reclamacións contra a aprobación provisional do orzamento están taxadas e deben reconducirse a algún dos supostos contidos no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que procede a **desestimación da reclamación núm. 2 das presentadas por Dña. Lourdes Pedrezuela Bea con DNI 50.703.814-S, en representación da Unión Sindical Obreira (USO) por non axustarse aos motivos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

□ A reclamación contida no punto número 3 que fai referencia á necesidade de fomentar a creación de emprego estable e á prestación dun servizo público de calidade, sen máis argumentos, NON se axusta a ningún dos supostos contidos no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que procede a **desestimación da reclamación núm. 3 das presentadas por Dna. Lourdes Pedrezuela Bea con DNI 50.703.814-S, en representación da Unión Sindical Obreira (USO) por non axustarse aos motivos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.**

Logo de realizar a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.e), 22.2 i) e 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 169.1 do TRLRFL propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Desestimar as reclamacións presentadas pola Unión Sindical Obreira (USO) con CIF V83365445, representado por Dna. Lourdes Pedrezuela Bea con DNI 50.703.814-S, e presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Abegondo (núm. Rexistro 20219000000518 de data 10 de maio de 2021), con base no informe emitido pola intervención e fundamentadas nas previsións contidas no artigo 170 do TRLRFL.

**SEGUNDO.** A aprobación definitiva do orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello de Abegondo para o exercicio 2021 segundo a documentación aprobada de xeito inicial en sesión do Pleno deste concello celebrada o día 15 de abril de 2021.

**TERCEIRO.** Publicar o anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 9** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)

**Abstencións: 4** Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto

**Votos en contra: 0**

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría.

## 6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/10. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2021

**ASUNTO:** RELACIÓN FACTURAS F/201/10. APROBACIÓN RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REC 1/2021

**EXPEDIENTE:** 2021/G006/000110

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Cónstalle a esta Alcaldía a existencia de facturas presentadas por diversos acredores municipais que se corresponden con gastos de exercicios anteriores, que se indican no documento anexo a este expediente e que se atopan pendentes de recoñecemento, incluídas na relación de facturas F/2021/9 na que se inclúen 41 facturas presentadas no ano 2021 e 1 factura da conta 413, relativas a gastos varios por importe de 42.595,84 euros. Consta ademais na dita relación un documento de abono de parte dunha das facturas contidas na relación.

**SEGUNDO.** As facturas que forman parte da relación F/2021/10 están rexistradas nos rexistros de contabilidade cos datos que figuran na táboa anexa, e conformadas polos técnicos competentes na materia.

**TERCEIRO.** É vontade deste grupo de goberno efectuar todos os pagos pendentes aos acredores municipais, máis



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

aínda nos tempos de crise que corren, evitando tamén os posibles prexuízos que puidesen derivarse da falla de pago en prazo das facturas presentadas polos acredores municipais, problemática que se agrava coa lexislación emitida recentemente, como pode ser a Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**CUARTO.** Enténdese, polo tanto, acreditado no expediente a conveniencia de proceder ao recoñecemento extraxudicial das facturas obxecto deste expediente, para evitar os prexuízos que puidesen derivarse da demora no pago aos provedores.

**QUINTO.** Á vista do anterior, mediante providencia do 24 de maio de 2020, ordenouse á Intervención municipal que se efectuase a tramitación oportuna para a aprobación dos gastos derivados das facturas anteriores. Unha vez efectuada a tramitación oportuna, a Intervención municipal emitiu o seu informe.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- O Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, en materia de orzamentos
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- A Lei 9/2017, de contratos do sector público
- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación
- - Informe do Tribunal de Contas de 22 de decembro de 2020 sobre a fiscalización dos expedientes de REC aprobados polas entidades locais no exercicio 2018

#### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** A figura do recoñecemento extraxudicial atopa regulación no RD 500/1990, aínda que incompleta, pois o citado texto normativo límitase a configuralo como unha excepción ó principio de vinculación temporal dos créditos.

**SEGUNDA.** A postura do Tribunal de Contas que se contén no informe de fiscalización dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito das entidades locais no exercicio 2018, aprobado na sesión do 22 de decembro de 2020, considera o REC como un instrumento que posibilita a aplicación ao orzamento de obrigas derivadas de compromisos de gastos de exercicios anteriores que non foron debidamente adquiridos; porén a súa regulación na normativa económico-orzamentaria do ámbito local é insuficiente, o que orixina que se empregue para imputar ao orzamento gastos de moi diferente natureza e que sofren de deficiencias moi dispares na súa tramitación.

**TERCEIRA.** En relación ás facturas contidas na relación F/2021/10 ás que fai referencia a providencia de Alcaldía, a maior parte corresponden a subministracións ou servizos do exercicio 2020 e algunha incluso de exercicios anteriores. Tamén se inclúe na relación unha factura que consta na conta 413. "Acredores pendentes de aplicar a orzamento" (F/2020/1516) e que non se puido aplicar ao orzamento de 2020 por ter sido presentada o día 30 de decembro e polo tanto non existir tempo material para a súa aprobación e aplicación ao orzamento correspondente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**CUARTA.** Por tanto, ante a existencia de actos que adoecen de nulidade, procede valorar a posible aplicación do artigo 106 da LPAC, que determina a obriga das Administracións Públicas, previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, a declarar de oficio a nulidade dos actos administrativos nos supostos previstos no artigo 47.1, salvo que esta resulte contraria á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis, segundo determina o art. 110 LPAC.

Tendo en conta o anterior e a magnitude do expediente ante o que nos atopamos pola cantidade de actos a revisar (cada factura correspondería con un acto), a Intervención municipal entende que deben ser tidos en consideración os criterios xurídicos do Consello Consultivo de Galicia en relación a este asunto ao manifestar que *“esa anulación antóllase, ademais, carente de utilidade, en canto que o que dela se derivaría non sería outra cousa que ou ben posibilitar a apreciación da existencia dun enriquecemento inxusto, o que sería posible apreciar, de igual modo, seguindo directamente o procedemento do recoñecemento extraxudicial de créditos, ou ben, posibilitar a indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que tivera sufrido, no suposto previsto no art. 42.1 da LCSP, todo o cal, cando se trate de prestacións efectivamente realizadas, por prezo axustado ao do mercado, consentidas pola entidade local e realizadas no seu beneficio, conduciría a que o importe da indemnización viría a coincidir normalmente cos prezos pactados”*.

O anterior lévanos á denominada “teoría do enriquecemento inxusto”, recoñecida de forma reiterada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo e que entronca cos principios de confianza lexítima e de boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios xa foron recoñecidos amplamente pola xurisprudencia contencioso-administrativa e engadíronse ao dereito positivo estando recollidos no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así, o terceiro de boa fe que contrata coa administración e que cumpre coas súas obrigas, non pode verse prexudicado polas irregularidades realizadas por esta. A isto se engade que “en virtude do principio de economía procesal debe evitarse a declaración de nulidade cando con ela non se consegue un efecto práctico, por ser racionalmente de prever que retrotraídas as actuacións no momento en que se cometeu a infracción formal, o proceso ía concluír cunha resolución idéntica á ditada” (STS 12 de novembro de 1990).

**QUINTA.** Considerando o anterior e tendo en conta que as prestacións ás que corresponden as facturas deste expediente foron conformadas polos responsables técnicos que en cada caso correspondan, no que se refire á axeitada realización das prestacións, considera a Intervención que a incoación dun procedemento de revisión de oficio resultaría contraria aos principios de eficacia e eficiencia da administración. Se a tramitación dun REC conleva a unha tramitación diferente ao habitual procedemento de pago de facturas, o que xa supón unha demora no pago de tales gastos, a apertura dun expediente de revisión de oficio para cada unha das obrigas ás que corresponden as facturas sinaladas, suporía unha demora moito maior co conseguinte prexuízo inxustificable para os acredores, así como a obriga de aboar os correspondentes intereses de demora, sen esquecer da afectación ao PMP (periodo medio de pago) que segue a ser de obrigado cumprimento.

**SEXTA.** O recoñecemento extraxudicial non é senón o instrumento que habilita a imputación ao orzamento da obriga do pago da indemnización a quen materialmente realizou de boa fe as prestacións en favor da Administración, tanto se se tramita a revisión de oficio, coma se, por concorrer as circunstancias que a exclúen conforme aos arts. 110 da LPAC e 28.2.e) do RCI, óptase polo pago directo das prestacións materialmente realizadas.

**SÉTIMA.** O alcalde ordenou en reiteradas ocasións, mediante resolución da Alcaldía, que os servizos municipais correspondentes realizasen os trámites oportunos para a correcta tramitación das licitacións de contratación conforme os procedementos regulados na LCSP, e que estas se licitasen en prazo. Esta orde foi notificada telematicamente nos correspondentes expedientes.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Tal e como se indicou, as facturas que integran a relación F/2021/10 están debidamente conformadas polas persoas responsables de cada un dos departamentos, as subministracións facturadas foron efectivamente entregadas e os servizos prestados, os provedores actuaron por orde da administración, e en aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, os provedores teñen dereito ao cobro, polo que se determina necesidade de acordar a autorización e aprobación destas. É polo que **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Levantar o reparo formulado con base no exposto e xustificado nas consideracións anteriores.

**SEGUNDO.** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2021 e a autorización, disposición e recoñecemento da obriga dos gastos que se indican na relación de facturas F/2021/10 por importe total de 42.595,84 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican do vixente Orzamento Municipal do ano 2020 prorrogado para o ano 2021.

**TERCEIRO.** Ordenar o pago das facturas indicadas contidas na relación de facturas F/2021/10, do que logo de aplicar o abono resulta un importe líquido de 42.483,74 euros.

**CUARTO.** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**QUINTO.** Reiterar a todos os departamentos municipais e aos servizos administrativos a orde da Alcaldía para que realicen os trámites e informes oportunos para proceder a regularizar todos aqueles contratos mediante o emprego dos correspondentes procedementos de licitación de conformidade coa lei de contratos do sector público en consonancia coas reiteradas advertencias realizada pola intervención municipal nos seus informes, para que se realicen as correspondentes propostas de gastos e se soliciten certificados de existencia de crédito antes de adquirir ningún compromiso de gasto, co fin de regularizar as tramitacións administrativas de contratación, o que evitaría os reparos.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p><b>Votos a favor: 9</b> (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)</p> <p><b>Abstencións: 4</b> (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)</p> <p><b>Votos en contra: 0</b></p>
---

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría.

**7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE MC 5/2021. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO RLTX**

**ASUNTO:** EXPTE MC 5/2021. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO RLTX.

**EXPEDIENTE:** 2021/T002/000005-2021/G006/000114



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Providencia de Alcaldía de data 24 de maio de 2021 para o inicio do expediente de modificación de créditos extraordinario e suplemento de crédito por importe de 320.246,95 euros financiado con cargo ao RLTXerais.

**SEGUNDO.** Memoria de Alcaldía de data 24 de maio de 2021 xustificativa da modificación a realizar, indicando as aplicacións orzamentarias de gasto afectadas; o medio de financiación do suplemento de crédito e crédito extraordinario; o carácter específico e determinado do gasto; a insuficiencia de crédito nas partidas que se van suplementar para a imputación dos gastos obxecto deste expte.

**TERCEIRO.** Informe de intervención de data 24 de maio de 2021 no que se pon de manifesto: que se cumpren os requisitos do TRLFL, así como o órgano competente para a aprobación do expte.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal prorrogado para o exercicio 2021.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira (LOEPSF)

## CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.-** A normativa reguladora das facendas locais permite efectuar modificacións no orzamento inicialmente aprobado ou prorrogado, sempre e cando se cumpra cos requisitos que esixe a citada normativa. Entre as modificacións previstas figura o crédito extraordinario, que procede cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non existe crédito suficiente no orzamento.

**SEGUNDA.-** O artigo 177 do TRLRFL, o artigo 36 do RD 500/1990 e as bases de execución do Orzamento Municipal prorrogado para o exercicio 2021 establecen que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderán financiarse indistintamente con algún dos seguintes recursos:

- remanente líquido de tesourería, calculado conforme ao disposto nos artigos 101 a 104 do RD 500/90
- novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos
- anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, e cuas consignacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
- exclusivamente, e só cando se trate de gastos de investimento, ademais dos medios anteriores, tamén poderá financiarse con recursos procedentes de operacións de endebedamento.

No expte MC 5/2021 propónse a financiación con cargo ao RLT que resulta da liquidación do exercicio 2020, da que deriva unha situación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra do gasto,

O novo marco normativo derivado do acordo do Congreso dos Deputados do 20 de outubro de 2020, polo que se suspende a aplicación das regras fiscais en 2020 e 2021, supón a posibilidade de empregar o RLTX positivo para



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

financiar gasto conforme ás normas do TRLRFL, opción que estivo sempre vixente, pero que ata o de agora incidía negativamente na estabilidade orzamentaria, pero que coa suspensión das regras fiscais para os exercicios 2020 e 2021, enténdese superado, pois do incumprimento destes obxectivos non se derivan consecuencias.

**TERCEIRA.-** O procedemento de tramitación, será o establecido na Base 9: Cando deba realizarse algún gasto que non se poida demorar até o exercicio seguinte e non exista crédito ou o consignado sexa insuficiente, a Alcaldía poderá incoar e propor un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito que deberá ser aprobado polo Pleno, previo informe do Interventor e ditame da Comisión Informativa correspondente, e tramitado cos mesmos requisitos que os sinalados na Lei para a aprobación do orzamento:

-aprobación inicial polo Pleno da Corporación

-exposición pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP, durante o cal os interesados poderán presentar reclamacións, que deberán ser resoltas polo Pleno no prazo dun mes.

-aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.

-publicación do expediente, resumido por capítulos, no *Boletín Oficial da Provincia*.

-simultaneamente ó envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

**CUARTA.-** A Memoria de Alcaldía xustifica esta modificación pola non existencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias do estado de gastos para atender necesidades relativas aos gastos ordinarios e de investimento, de carácter imprescindible e inaprazable, que afectan a servizos e competencias municipais.

**QUINTA.-** O informe de intervención de data 24 de maio, sinala que se cumpren os requisitos legais para a tramitación do expte MC 5/2021 de crédito extraordinario+suplemento de crédito por importe de 320.246,95 euros, coa finalidade e detalle previstos na Memoria que acompaña a este expte.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 169 e seguintes do TRLRFL e 18 do RD 500/1990, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expte MC 5/2021 de suplemento de créditos.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 5/2021 de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado íntegramente con RLT, e que responde ó seguinte esquema:

**GASTOS FUNCIONAMENTO ORDINARIO e INVESTIMENTOS:**

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
161/75100	158.246,95	Aportación municipal Augas Galicia obra saneamento Orto-Crendes	Crédito extraordinario
334/76600	5.000	Aportación municipal Asociación Camiño Inglés actuacións no camiño	Crédito extraordinario
150/60000	54.650	Adquisición solar en San Marcos (Abegondo)	Suplemento crédito
163/63203	102.350	Adquisición inmovible (baixo) en San Marcos (Abegondo)	Crédito Extraordinario



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

	320.246,95		
--	------------	--	--

**INGRESOS:**

CONCEPTO	IMPORTE	FORTE DE FINANCIAMENTO
870.00	320.246,95	RLTGXerais para financiación créditos extraordinarios
TOTAL	320.246,95	

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación, así como no BOP de A Coruña, do acordo de aprobación inicial, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do TRLRFL, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

**TERCEIRO.-** Entender definitivamente aprobada a presente modificación, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez sexa publicado no BOP o resumen por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2020 coas modificacións propostas.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente e o voceiro de AXA, Roberto Gómez indica que qué se pretende facer cunha nave de 1000.000 euros, logo de diversas apreciacións, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 9** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)  
**Abstencións: 0**  
**Votos en contra: 4** (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría.

**8. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19**

**ASUNTO:** RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**EXPEDIENTE:** 2021/A006/000002- 2021/G006/000093 - 2021/G006/000106

O día 27 de abril de 2021 foi aprobado en Xunta de Goberno Local o Convenio de colaboración entre a vicepresidencia primeira e consellería de presidencia, xustiza e turismo, a consellería de emprego e igualdade e o Concello de Abegondo para a concesión das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19 e procede a súa ratificación.

Xúntase a teor literal do documento de aprobación do Convenio:

**“ASUNTO:** APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19

**EXPEDIENTE:** 2021/A006/000002- 2021/G006/000093

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Remítese por parte da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a Xunta de Galicia e Consellería de Emprego e Igualdade o 8 de abril de 2021 o borrador de convenio de colaboración para a xestión de axudas ao sector da hostalaría, de acordo o falado na reunión de 29 de marzo de 2021. Consta o oficio informativo e o borrador do convenio no Rexistro Xeral do Concello de Abegondo rexistrado o 22/04/2021 (rex. entrada núm. 202100000000892).

**SEGUNDO.** As partes pretenden subscribir o presente convenio que ten por obxecto instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Abegondo para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

**TERCEIRO.** A Xunta de Galicia comunicoulle ao Concello de Abegondo que foron solicitadas por parte de hostaleiros do ámbito territorial de Abegondo un total de 26 axudas ao abeiro da Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría. Foron concedidas un total de 17 e quedaron pendentes 9 solicitudes.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación
- A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2
- Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría

## CONSIDERACIÓNS

### PRIMEIRA. Cooperación entre administracións

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

### SEGUNDA. Competencia e finalidade pública das Administracións

Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público no non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

O sector hostaleiro de Galicia, cunha función económica e social esencial, está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego. Por este motivo, as distintas administracións públicas están a impulsar medidas para fomentar a actividade económica e mais concretamente para apoiar o mantemento do emprego na hostalaría de Galicia como axentes dinamizadores da economía na comunidade autónoma.

Os concellos galegos, por ser a administración máis próxima á cidadanía, están interesados en pór en marcha medidas concretas que aborden o impacto que o coronavirus causou no sector da hostalaría e dar unha resposta inmediata ás necesidades que precisan os establecementos hostaleiros e de restauración.

### TERCEIRA. Análise xurídica do convenio

En canto á análise xurídica do texto do convenio, máis aló do xa analizado e que a Secretaría entende axustado a dereito, cabe indicar que cumpre co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015 en canto ao contido dos convenios.

### CUARTA. Obrigas e dereitos

#### Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, a:

- A realización dos trámites necesarios para proceder á xeración dos créditos correspondentes á achega do Concello de Abegondo, conforme o disposto nos artigos 66 e 69 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Tramitar as axudas correspondentes ás solicitudes presentadas dentro do ámbito territorial propio do Concello de



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Abegondo e que cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

- Unha vez realizados os trámites anteriores, a Consellería de Emprego e Igualdade ditará as resolucións de concesión das axudas complementarias ás establecidas nas bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C) dentro do ámbito territorial propio do Concello de Abegondo. A concesión das axudas realizarase nos termos establecidos no convenio.

- A proceder ao pago das axudas concedidas nos termos previstos na Orde do 22 de febreiro e a tramitación e resolución do procedemento de reintegro das mesmas nos casos previstos na Orde do 22 de febreiro e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Obrigas e dereitos do Concello de Abegondo

O Concello de Abegondo comprométese:

a) A achegar a contía total de 26.000 € para complementar, mediante xeración, as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalaría), co fin de que se destine ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do concello.

Da devandita contía destinaranse 1.000 € para cada un dos establecementos indicados nos seguintes apartados ata o esgotamento do crédito total achegado polo concello.

b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 1.000 € para cada un dos establecementos, a:

- Ás solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello.

- Ás solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello e que quedasen sen atender por parte da Consellería de Emprego e Igualdade por terse esgotado o crédito asignado para o efecto.

c) A achega realizarase, con carácter voluntario, do seguinte xeito:

Mediante a detracción, por parte da Xunta de Galicia, das súas transferencias do Fondo de Cooperación local.

O financiamento do Concello ascende a 26.000 €.

### QUINTA. Prazo de vixencia e denuncia do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación deste nun boletín oficial (artigo 11.3.b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público) ata o 31 de decembro de 2021.

Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a colaboración deixa de ser necesaria. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte, estendendo non obstante a súa vixencia ata o remate dos procedementos xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que o concello renuncie a esta posibilidade.

**SEXTA.** Foi emitido o informe favorable da Secretaría para a adopción do acordo de aprobación do convenio.

**SÉTIMA.** Foi emitido o correspondente informe de Intervención.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar a formalización e o texto do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Abegondo para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

**SEGUNDO.** Consignar nos orzamentos de 2021 os importes necesarios para facer fronte aos gastos que implica a execución deste convenio e autorizar a adopción do compromiso de gasto, o que supón un importe de vinte e seis mil euros (26.000 €).

**TERCEIRO.** Comunicar a certificación do acordo á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e á Consellería de Emprego e Igualdade para os efectos oportunos.

**CUARTO.** Facultar o alcalde para cantas xestións resulten precisas para a execución do acordo, así como a formalización do convenio, en representación legal do Concello (art. 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local).

**QUINTO.** Publicar o anuncio do acordo no taboleiro de anuncios e portal de transparencia municipal, en publicidade activa da información municipal, de conformidade coa lexislación estatal e autonómica.

**SEXTO.** Dar traslado do acordo aos distintos servizos administrativos da Corporación, e ratificar o acordo no Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais."

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Ratificar a aprobación do texto do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Abegondo para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

O que propoño para os efectos oportunos

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 13** (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

**Abstencións: 0**

**Votos en contra: 0**

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por unanimidade.

## 9. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN MODIFICACIÓN ACORDO POS 2021

**ASUNTO:** RATIFICACIÓN APROBACIÓN MODIFICACIÓN ACORDO POS 2021



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000165 - 2021/G006/000108

Mediante resolución da Alcaldía 148/2021 do 29/04/2021 foi aprobada a modificación do acordo do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2021" e procede a súa ratificación.

Xúntase a teor literal do texto da resolución:

**"ASUNTO: MODIFICACIÓN ACORDO POS 2021"**

**DECRETO: 2021/G003/000165**

ANTECEDENTES:

1º.- Polo Pleno do concello de Abegondo de 29 de xaneiro de 2021 foi aprobado o plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal ( plan único de concellos) " Pos + 2021 )

2º.- Pola Deputación provincial a través da plataforma Subtel foi comunicado que deberían ser revisados os proxectos, dado que existen erros de céntimos, así como anexos que foron duplicados.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

**CONSIDERACIÓNS**

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Modificar o acordo do pleno de data 29 de xaneiro de 2021 unha vez realizadas as modificacións derivadas da supervisión, co seguinte resultado:

**"APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2021"**

Por parte do alcalde-presidente dáse conta dunha proposta, que indica o seguinte:

**ASUNTO: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) " POS + 2021"**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**EXPEDIENTE:** 2021/G006/000016

**PRIMEIRO.**-Vista as BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ( PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2021", plan da Deputación provincial da Coruña para o exercicio 2020 que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

Por iso, a finalidade do POS 2021 é dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos contribuíndo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o financiamento dos mesmos ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

En bases ao antedito elabóranse proxectos de:

- ▣ Reparación de camiños na parroquia de Mabegondo
- ▣ Reparación de camiños na parroquia de Sarandos
- ▣ Reparación de camiños nas parroquias de Mabegondo, Cerneda, Abegondo, Cabanas, Sarandos, Montouto, Cos, Leiro, Vilacoba e Vizoño
- ▣ Humanización calle en San Marcos - Abegondo

**SEGUNDO.**-Contan cos informes técnicos e xurídicos necesarios

Visto os antecedentes expostos, esta alcaldía propón ao Pleno, a aprobación do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	---	----	----
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	---	---	----
<b>Subtotal pago a provedores</b>	---	---	--- <sup>0</sup>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	116.636,8



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	-----
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>116.636,8</b>

**C) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2021 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación camiños nas parroquia de Mabegondo	41.083,95	---	41.083,95
Reparación camiños na parroquia de Sarandos	41.105,54	---	41.105,54
Reparación camiños nas parroquias de Mabegondo, Cerneda, Abegondo, Cabanas, Sarandos, Montouto, Cos, Leiro, Vilacoba e Vizoño	50.516,37	---	50.516,37
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>132.705,86</b>	<b>---</b>	<b>132.705,86</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles) Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Humanización calle en San Marcos-Abegondo	116.936,45	----	116.936,45
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>116.936,45</b>	<b>---</b>	<b>116.936,45</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
	-----
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	<b>-----</b>

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2020	----	---	-----
	Achega 2021	----	---	-----
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2021	<b>116.636,8</b>	---	<b>116.636,8</b>
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	----	---	----



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2021</b>	132.705,86	---	132.705,86
	<b>Achega 2020</b>	<b>116.936,45</b>	----	116.936,45
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2021</b>	----	----	-----
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2021</b>	249.342,66	---	249.342,66
	<b>Achega 2020</b>	<b>116.936,45</b>	----	116.936,45
	<b>Préstamo 2021</b>	----	----	----
	<b>TOTAL</b>	<b>366.279,11</b>	---	366.279,11

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Reparación camiños na parroquia de abegondo	59.367,30
Construción estación depuradora de augas residuais de Cabanas e Montouto	292.375,72
<b>TOTAIS</b>	<b>351.743,02</b>

**TERCEIRO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

**QUINTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**SEXTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SÉTIMO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que resolve e asina, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

O Secretario



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés"

Logo de ver que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Ratificar a aprobación da modificación do acordo do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2021".

O que propoño para os efectos oportunos

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p><b>Votos a favor: 13</b> (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro e Roberto Gómez Lesta)</p> <p><b>Abstencións: 3</b> (Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)</p> <p><b>Votos en contra: 0</b></p>
---

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría.

## **PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **10. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO1º TRIMESTRE 2021 E DO PMP**

Dáse conta.

### **11. DECRETOS DA ALCALDÍA**

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

### **12. ROGOS E PREGUNTAS**

**Roberto Gómez:** Pregunta polo enganche ao auga no Asadiño, solicitáronno hai anos e non se lles contestou.

**Alcalde:** Preguntarei en servizos e na empresa municipal de augas para ver qué pasou. Primeira noticia.

**Roberto Gómez:** Cando se prevé o inicio das obras do centro de saúde.

**Alcalde:** Logo dun trámite de dez días de información pública, logo do informe favorable da asesoría xurídica, vaise licitar.

**Roberto Gómez:** O concello vai investir moitos cartos en Beche, ¿qué me pode dicir?

**Alcalde:** Hai un proxecto ambicioso, incluso unha piscina recreativa, estamos falando de aproximadamente dun millón de euros e estamos á espera de financian.

**Roberto Gómez:** En relación coa ruta de amilladoiros, sinalización, e acceso a Beche...¿Cómo vai ese tema? O mellor sería aglomerar esa pista

**Alcalde:** O Gps se vés pola outra ruta lévate polo monte e se perden.

**Roberto Gómez:** ¿O concello ten pensado a posibilidade de abrir un centro de día para maiores? Quizáis a prioridade é darlle servizo as persoas maiores.

**Alcalde:** Hai algunha solicitude para facer a casa do maior. O centro de día está moi ben, o problema é o uso, hai



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

centros de días que se construíron como o de Miño e dan perdas enormes. O problema é que haxa xente que vai aí, imos abrir unha casa do maior, a ver cánta xente vai e se se anima a xente, farémolo. As experiencias noutros lugares non son boas, polos gastos de mantemento, que son enormes e a financiación.

**Fátima Ínsua:** Quería preguntar por unhas noticias da subestación en Folgoso, saber se o alcalde tén algunha noticia.  
**Alcalde:** Recentemente houbo unha xuntanza de alcaldes en contra dos eólicos, eu negueime a un parque en Vizoño, persoalmente estou en contra, nesa reunión xurdiron unha serie de comentarios. A subestación prevista no plan de Red eléctrica pasou o prazo e non saíu, todos eses parques derivan a súa enerxía nunha subestación eléctrica que debería estar en Abegondo, non hai nada formal e nó imos opoñer no caso de que vaia aí.

Ás 14:05 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.